

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL.

Artigo 1º

Segundo o que se establece nos artigos 20.4 e 24 do *Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*, así como nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal e no uso das facultades polos artigos 133.2 e 142 da *Constitución* e polo artigo 106 da *Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local*, este concello establece a taxa por utilización das instalacións da piscina municipal que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización das instalacións da piscina municipal.

Artigo 3º- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da *Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria*, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades de que se trata.

Artigo 4º- EXENCIÓNS.

Están exentos do pagamento da taxa regulada nesta ordenanza:

- Os usuarios do centro de diminuídos psíquicos dependente da Fundación de Diminuídos Psíquicos "Vilalba Terra Chá"

Artigo 5º- BONIFICACIÓNS.

a) Os aboados terán dereito a unha bonificación do 50% do importe dos cursos de natación, a excepción da natación escolar.

b) Os aboados terán dereito, así mesmo, a unha bonificación polo importe da taxa da matrícula cando a alta como aboadado se formalice no primeiro mes da temporada ou cando se domicilie o pagamento do recibo mensual como aboadado.

Artigo 6º- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA TARIFA.

a) Base Impoñible: A base imponible será a cuantificación económica do feito imponible determinado segundo a tarifa que se expón a continuación.

b) Tarifa da Taxa:

b.1) Abonos:

Matrícula: 10,32 €, que se formalizará no primeiro mes no que o usuario se faga aboadado. Será válido só para a temporada correspondente, e perderase cando durante 2 meses consecutivos ou alternos, dentro da temporada, non se faga uso da piscina.

O usuario terá a abrigo de aboar a taxa da matrícula no suposto de que cambie por máis dunha vez dentro da temporada de tipo de abono.

Os aboados terán dereito ó uso da piscina a calquera hora dentro do horario correspondente ó tipo de abono elixido, así como ó uso gratuito do ximnasio e da sauna.

b.2) Cursos e Clases de Natación:

Rapaces ata 18 anos	1/día/semana	7,74 €/mes
	2/día/semana	15,48 €/mes
	3/día/semana	21,67 €/mes
Adultos máis de 18 anos	2/día/semana	21,67 €/mes
	3/día/semana	27,86 €/mes
Xubilados	2/día/semana	15,48 €/mes
	3/día/semana	21,67 €/mes
Natación Centro de S. Sociais		12,38 €/mes
Rehabilitación	2/día/semana	18,57 €/mes c/certificado médico.

	3/día/semana	24,76 €/mes c/certificado médico.
Natación escolar		6,19 €/mes
Grupos organizados	1/día/semana	10,32 €/mes
	2/día/semana	20,64 €/mes
Grupo especial infantil(3 anos)	2/día/semana	15,48 €/mes
Grupo especial infantil(4-6 anos)	2/día/semana	10,32 €/mes
Grupo especial Santo Anxo	1/día/semana	6,19 €/mes
Intensivos:rapaces ou adultos(xuño- xullo)		30,96 €/mes.

b.3) Bonos:

Bono 10 baños: 13,41 €.

Validez dos bonos: 40 días.

b.4) Entrada á piscina:

Infantil: (Ata 18 anos): 1,85 €.

Adulto. (Máis de 18 anos): 2,47 €

Xubilados: 1,85 €

Entrada á sauna: 3,09 €

As taxas de tarifas reguladas na presente ordenanza serán incrementadas anualmente en función do IPC.

Artigo 7º

A taxa publica regulada nesta ordenanza referente ós cursos e clases de natación inclúe o servizo de monitor.

En todo caso, o tempo máximo de utilización do vaso da piscina, por sesión, será de 45 min.

Artigo 8º

As necesidades derivadas da programación de actividades, cursos ou outras modalidades non contempladas na tarifa da

presente ordenanza poderán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado de deportes despois do informe da comisión informativa de deportes do concello, dando conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Artigo 9º- DEVENGO.

A taxa devengarase e farase efectiva no momento de solicitar a utilización das instalacións da piscina non podendo utilizalas sen presentar os xustificantes de pagamento.

Os pagos dos cursos e clases de natación recollidos no apartado b.2 do art. 6 poderán realizarse mensualmente, tanto no caso de que os cursos e clase sexan mensuais ou trimestrais.

En todo o que non se prevé nesta ordenanza estase ó que se dispón na *Lei xeral tributaria*.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A redacción definitiva da presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 16 de abril de 2004, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no *BOP* e será de aplicación desde a mesma data ata a súa derogación ou modificación expresa.

Esta ordenanza foi modificada no artigo 6 e esta modificación, xa introducida neste texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia*, do 24 de xullo de 2004, entrou en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva e será de aplicación desde a mesma data ata a súa derogación ou modificación expresa.